

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36015111	CPI Aurelio Marcelino Rey García	Cuntis	2023/2024

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obligatoria	Música	2º ESO	2	70

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introdución	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	9
4.1. Concrecións metodolóxicas	20
4.2. Materiais e recursos didácticos	21
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	21
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	21
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	23
6. Medidas de atención á diversidade	23
7.1. Concreción dos elementos transversais	24
7.2. Actividades complementarias	25
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	26
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	26
9. Outros apartados	27

## 1. Introdución

A música, como ben cultural, como linguaxe universal e medio de comunicación non verbal, constitúe un elemento de gran valor na vida das persoas. A súa repercusión supera a propia individualidade artística cara a outros campos do coñecemento, pois xa desde a antigüidade se establecen vínculos con outras manifestacións escénicas, como a danza ou o teatro. Na actualidade, estamos en contacto permanente con ela. Ademais, favorece o desenvolvemento integral do ser humano, intervén na súa formación emocional e intelectual, a través do coñecemento do feito musical como manifestación cultural e histórica, e contribúe ao afianzamento dunha postura aberta, reflexiva e crítica no alumnado.

O desenvolvemento tecnolóxico e a globalización permiten a escoita simultánea de toda a producción musical mundial e abríu novas canles para a interpretación e a creación musical, tanto de músicos profesionais como de calquera persoa interesada en facer música.

Ademais, a música contribúe activamente no desenvolvemento cognitivo, emocional e psicomotor do alumnado, así como no fomento de valores como o esforzo, a constancia, perseveranza, disciplina, toma de decisións, autonomía, compromiso e espírito emprendedor entre outros; valores que contribúen ao desenvolvemento integral da persoa, ademáis de mellorar a atención, a xestión das emocións e a autoestima, así como a capacidade de comunicación e traballo en grupo adoptando diferentes roles dentro deste.

A materia de Música na educación secundaria obrigatoria fundaméntase e constrúese desde a área de Música e Danza na educación primaria. Agora desenvolveranse as capacidades e as competencias adquiridas nos cursos anteriores e afianzaranse os contidos aprendidos previamente polo alumnado.

Nesta programación para 2º curso de ESO concrétanse uns obxectivos, contidos e criterios de avaliación articulados en tres bloques que integran os coñecementos, destrezas e actitudes que se pretenden alcanzar sempre desde a súa interiorización a través da práctica, para pasar despois a teorización.

Os obxectivos propostos para toda a ESO pretenden desenvolver a identidade e a recepción cultural, contribuír a autoexpresión a través da creación e da interpretación, centrarse na producción artística e estudar, entender e coñecer o patrimonio musical e dancístico da Comunidade Autónoma de Galicia, sempre traballados desde unha aprendizaxe baseada na práctica que lle permita ao alumnado experimentar a música e más a danza.

Os criterios de avaliación son ferramentas para medir o nivel de adquisición das competencias segundo os seus compoñentes cognitivos, procedimentais e actitudinais.

Os contidos articúlanse en tres bloques:

- "Escoita e percepción", contidos indispensables para desenvolver o concepto de identidade cultural, a través da exposición a diferentes propostas audiovisuais que permitan o achegamento do patrimonio musical e dancístico como fonte de inspiración e coñecemento das posibilidades da arte e como medio de expresión de sentimientos e emocións.

- «Interpretación, improvisación e creación escénica», co que se pretende a aprendizaxe de conceptos clave da linguaxe musical desde o entendemento da aula como un espazo dinámico no que o alumnado se sinta cómodo expresando as súas ideas, tanto a través da utilización meditada do seu corpo e dos instrumentos musicais, como do uso libre de distintas linguaxes. Aprender a música a través da experiencia de ser músico, baseándonos no traballo por proxectos grupais.

- «Contextos e culturas», aproximación aos diferentes xéneros e estilos musicais más representativos do patrimonio musical. Con isto proponse un achegamento de maneira global e ordenada ás diferentes manifestacións musicais producidas ao longo da historia, tanto por mulleres como por homes, e que ofrece unha visión da importancia da arte como medio de expresión.

Neste 2º curso de ESO, a materia centrarase no traballo, coñecemento e dominio dos principais elementos da linguaxe musical que permitan entender e executar partituras básicas; na escoita, recoñecemento e creación de formas musicais, dancísticas e texturas básicas; asentar os principios técnicos da interpretación instrumental e vocal; comprender e respectar as normas básicas da actuación en público e asistencia a espectáculos musicais e dancísticos; e no coñecemento das tradicións musicias e dancísticas da nosa comunidade así como doutras partes do mundo.

Esta proposta didáctica está pensada para seguir traballando moitos dos contidos non só na unidade na que se presentan por primeira vez, senón para que estes contidos sigan aparecendo nas seguintes unidades e sexan manexados, afianzados e ampliados de forma continua ao longo de todo o curso, xa que a música ao igual que o resto das linguaxes, é unha materia onde os contidos son acumulativos, e imos construindo a sintaxe musical manexando os conceptos previos dos que partimos e construindo sobre estes novas estruturas más complexas a través do aprendizaxe en espiral.

Queremos recalcar como principal obxectivo desta programación e unidades didácticas, a creación dun público crítico que saiba valorar a calidade das músicas que escoita e os medios de comunicación que escolle para a súa reproducción, e isto articulado a través da experiencia de ser músico ou bailarín, de comprender o oficio, e de saber

poñerse no lugar de traballo dos artistas. Soamente a través de experiencia podemos comprender o mundo en sí da música, os contidos, o traballo en equipo, de perseveranza, de autonomía e de compromiso cos demáis, que supón subirse a un escenario a estrenar un proxecto, e a esa experiencia é a que pretendemos chegar co traballo realizado ao longo do curso.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Analizar obras de diferentes épocas e culturas identificando as súas principais características estilísticas e establecendo relacións co seu contexto, para valorar o patrimonio musical e dancístico como fonte de gozo e de enriquecemento persoal.	2-3	3		1-2	3	1		1-2
OBX2 - Explorar as posibilidades expresivas de diferentes técnicas musicais e dancísticas, a través de actividades de improvisación, para incorporalas ao repertorio persoal de recursos e desenvolver un criterio de selección das técnicas más adecuadas á intención expresiva.	1			2	1-3	1	3	3
OBX3 - Interpretar pezas musicais e dancísticas xestionando adecuadamente as emocións e empregando diversas estratexias e técnicas vocais, corporais ou instrumentais, para ampliar as posibilidades de expresión persoal.	1			2	1-3	1	1	3
OBX4 - Crear propostas artístico-musicais, de xeito individual ou grupal, empregando a voz, o corpo, instrumentos musicais e ferramentas tecnolóxicas para potenciar a creatividade e identificar oportunidades de desenvolvemento persoal, social, académico e profesional.	1		3	2	3	1	1-3	3-4
OBX5 - Coñecer, valorar e respectar o patrimonio artístico e musical de Galicia e da contorna, a través das achegas relevantes na cultura e na sociedade galegas, para apreciar a importancia do noso acervo dentro dos procesos de globalización.	1-2	2-3		1	1-3	1	3	1-2-3

### Descripción:

## 3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descripción	% Peso materia	Nº sesión	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Parámetros do son: ruido, música e silencio.	Unidade introductoria sobre os elementos que conforman a música (duración, altura,	5	5	X		

<b>UD</b>	<b>Título</b>	<b>Descripción</b>	<b>% Peso materia</b>	<b>Nº sesiones</b>	<b>1º trim.</b>	<b>2º trim.</b>	<b>3º trim.</b>
1	Parámetros do son: ruido, música e silencio.	<p>intensidade e timbre), coa fin de averiguar, a modo de avaliação diagnóstica, qué contidos interiorizou o alumnado na educación primaria, e amplialos. Os distintos parámetros do son trataranse de xeito más minucioso nas seguintes unidades.</p> <p>Tamén traballaremos nesta unidade a importancia da escucha activa, e o concepto de contaminación acústica e as súas consecuencias.</p>	5	5	X		
2	Elementos rítmicos e melódicos: duración e altura.	<p>Nesta unidade traballaremos os principais elementos rítmicos e melódicos que conforman a música (compases básicos de subdivisión binaria e ternaria, figuras musicais e signos que alongan ditas figuras, notas en clave de sol en 2ª liña, concepto de intervalo...), sempre desde un punto de vista práctico, sentindo o ritmo a través do corpo, do movemento e da percusión corporal, e analizando as melodías a través da escucha activa mediante actividades de soundpainting ou similares e do uso da voz para entonar ou instrumentos. Partimos de coñecer os sons e as melodías a nivel auditivo. Partimos da práctica para despois comprender os conceptos desde unha perspectiva teórica.</p>	15	12	X	X	
3	Harmonía: introducción aos acordes básicos.	<p>Dise que a harmonía é a parte máis cerebral que conforma a música. Así como o ritmo se asocia á parte física e corporal máis elemental do ser humano, e a melodía coa parte emocional, porén o concepto de harmonía aparece máis adiante na historia da música e é o elemento racional desta. A maioría das melodías que escucha o noso alumnado hoxe en día, adoitan ter textura de melodía acompañada, isto é unha melodía asentada sobre unha base ou sucesión de acordes, por iso é importante que dito alumnado comprenda o concepto de acorde, a formación de acordes básicos, especialmente os tríade maiores e menores, e as funcións tonais básicas de tónica, dominante e subdominante.</p>	10	8	X	X	
4	Texturas e formas musicais	<p>Tanto a forma como a textura son dous dos elementos musicais que axudan a poñer orde na música, facilitando así a súa comprensión. A textura é o modo en que combinamos os elementos rítmicos, melódicos e harmónicos nunha composición ou fragmento musical. Nesta unidade traballaremos de xeito xeral os 4 tipos de textura: monodia, polifonía, contrapunto e melodía acompañada e a súa aparición ao</p>	10	10	X	X	

<b>UD</b>	<b>Título</b>	<b>Descripción</b>	<b>% Peso materia</b>	<b>Nº sesións</b>	<b>1º trim.</b>	<b>2º trim.</b>	<b>3º trim.</b>
4	Texturas e formas musicais	<p>longo da historia da música. A forma musical é a estrutura utilizada polos compositores no momento de crear unha obra, coa fin de ordenar os distintos elementos que conforman a música e facer que sexa así comprensible.</p> <p>O concepto de forma comeza coa comprensión dos motivos, frases e semifrases, para diferenciar despois seccións más longas e procedementos de creación como a repetición e a variación.</p> <p>Clasificamos as principais formas en vocais e instrumentais. Neste curso introduciremos algunas delas como a forma binaria e ternaria, a forma rondó e algunas formas da música popular e urbana.</p>	10	10	X	X	X
5	Instrumentos da tradición musical occidental Europea: Timbre I	<p>Nesta unidade aprenderemos as características básicas das familias instrumentais (aerófonos, cordófonos, idiófonos, membranófonos e electrófonos), centrándonos principalmente nos instrumentos da tradición musical occidental Europea e as principais agrupacións desta, así como a súa evolución (tríos, cuartetos, quintetos, a orquestra e a súa evolución na historia), estudiando nas unidades seguintes outros instrumentos musicais propios doutras culturas e das músicas populares e urbanas.</p>	10	5		X	
6	A voz: producción do son, clasificación das voces e agrupacións vocais. Técnicas de canto. Timbre II	<p>A voz humana, e polo tanto o canto, é a forma más natural e completa de expresión musical. Cada voz é única e inimitable, e consegue mover as emocións do ser humano.</p> <p>Nesta unidade aprenderemos como funciona o noso corpo para producir a voz e o canto, así como a clasificación das distintas voces segundo a súa tesitura e as principais agrupacións vocais para as que ao longo da historia, as compositoras e compositores, teñen escrito música.</p> <p>Tamén diferenciaremos técnicas e formas de cantar ao longo da historia da música, desde a voz impostada da ópera ata outras técnicas utilizadas nas músicas populares, no jazz e nas músicas urbanas, sempre a través dun enfoque práctico, co que coñeceremos o noso corpo e as posibilidades da nosa propia voz.</p>	10	4		X	
7	Música e danza en Galicia: desde o tradicional ata a actualidade.	<p>A música e a danza tradicional e popular en Galicia ten peculiaridades que a diferencian das músicas do resto do país e do mundo, por iso compre escoitalas, analizalas e estudalas, xa que son as músicas da nosa</p>	10	4		X	

<b>UD</b>	<b>Título</b>	<b>Descripción</b>	<b>% Peso materia</b>	<b>Nº sesiones</b>	<b>1º trim.</b>	<b>2º trim.</b>	<b>3º trim.</b>
7	Música e danza en Galicia: desde o tradicional ata a actualidade.	<p>contorna.</p> <p>Ademáis, eses rasgos específicos da nosa cultura musical e dancística inflúen e mistúranse na actualidade con outros estilos que están presentes en todo o mundo a través da globalización como a música clásica contemporánea, o jazz, e os estilos urbanos.</p> <p>Así nesta unidade, descubriremos ademáis do noso folclore e tradición, as fusións entre este e outras músicas, coñecendo outros estilos, artistas e agrupacións actuais que interpretan jazz, rock, pop ... feitos en Galicia.</p>	10	4		X	
8	Música e danzas de España e do mundo	<p>A variedade de músicas que existen no mundo é infinita desde as orixes do ser humano. Índá que as músicas de diferentes lugares parecen moi diferentes ás da nosa contorna, porén, existen certas similitudes básicas entre todas elas, pois todas se basean en patróns rítmicos ou melódicos dalgún tipo. A organización deses elementos é o que as fai diferentes e diversas.</p> <p>Nesta unidade interpretaremos e estudaremos algunas músicas de diferentes lugares de España e do mundo, coa fin de apreciar as súas características e as similitudes e diferenzas entre todas elas, así como a súa importancia e influencia nas músicas actuais.</p>	10	3		X	
9	A improvisación na música e na danza: improvisación libre e guiada, introducción ao Jazz.	<p>Improvisar é a arte de crear e executar no momento, de xeito espontáneo seguindo ou non unhas pautas.</p> <p>A improvisación é imprescindible na educación para desenvolver a creatividade, as nosas propias ideas partindo do noso mundo musical interiorizado, por iso é preciso traballar distintas técnicas de improvisación desde libre ata directrices establecidas en certos tipos de música.</p> <p>Xa desde a Idade Media a improvisación estaba presente tanto na música relixiosa como secular, e durante o período Renacentista, Barroco e Clásico os intérpretes improvisaban entre outros os adornos das melodías e as cadencias dos concertos. Xa no século XX, o jazz é a música onde a improvisación reina e máis se ten desenvolvido, tanto na parte musical como nas danzas asociadas a este estilo.</p> <p>Nesta unidade traballaremos de xeito práctico a improvisación, comezando pola improvisación libre, ata chegar a directrices guiadas, pasando pola comprensión de</p>	6	6		X	

<b>UD</b>	<b>Título</b>	<b>Descripción</b>	<b>% Peso materia</b>	<b>Nº sesiones</b>	<b>1º trim.</b>	<b>2º trim.</b>	<b>3º trim.</b>
9	A improvisación na música e na danza: improvisación libre e guiada, introdución ao Jazz.	cómo se constrúe a improvisación nun estándar de jazz.	6	6			X
10	Música popular urbana, medios de comunicación e cine.	A música popular urbana xorde no século XX, aparecendo despois da II Guerra Mundial primeiro nos Estados Unidos de América e despois difúndese ao resto de Europa masivamente a través dos medios de comunicación como a radio, a televisión e o cine. Nesta unidade pretendemos achegarnos ás principais correntes da música actual, analizando e comprendendo as súas características, e desenvolvendo a capacidade crítica no alumnado coa fin de fomentar un consumo consciente e responsable de música.	5	4			X
11	Música e tecnoloxía: Ferramentas dixitais de edición, recepción e creación.	A fináis do século XIX logrouse por primeira vez capturar o son rexistrándoo nun soporte. Desde ese instante, a relación entre música e tecnoloxía ten ido da man ata a actualidade. As novas tecnoloxías da comunicación e da información están presentes en todo o proceso musical, desde a composición á interpretación, pasando pola forma de consumo de música. Sen a tecnoloxía electrónica e os medios de comunicación de masas a música popular urbana e a música no cine serían inconcebibles. A educación musical non pode ser allea a esta relación, por iso é importante formar ao alumnado no uso e manexo consciente das distintas ferramentas tecnolóxicas e dixitais para a recepción, edición e creación de música, sempre a través da práctica e implicándose na creación de proxectos grupais que plasmen as súas inquedanzas tecnolóxicas.	4	4			X
12	Música en vivo: Son músico e son público	A música está feita principalmente para ser interpretada en público, en vivo e en directo. O traballo dun músico faise principalmente antes do concerto, en todas as horas de ensaios e estudio persoal previas ao concerto. Participar en actividades musicais de montaxe de repertorio coa fin de interpretalo en público, fainos comprender, apreciar e valorar o papel dos músicos na sociedade, e convértenos nun público máis sensible e respectuoso. Por iso, é importante educar ao noso alumnado como público desde a experimentación do traballo de músico, vivindo a emoción e os nervios de subirse a un escenario a	5	5			X

<b>UD</b>	<b>Título</b>	<b>Descripción</b>	<b>% Peso materia</b>	<b>Nº sesións</b>	<b>1º trim.</b>	<b>2º trim.</b>	<b>3º trim.</b>
12	Música en vivo: Son músico e son público	interpretar o repertorio preparado.	5	5			X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
1	Parámetros do son: ruido, música e silencio.	5

<b>Criterios de evaluación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.3 - Ler, escutar e analizar partituras sinxelas, a través de diferentes soportes audiovisuais, identificando de forma guiada os elementos básicos da linguaxe musical.	Recoñecer na partitura os elementos que representan os parámetros do son: figuras musicais, clave, notas musicais, matices e instrumentos para os que está escrita.		
CA1.4 - Apreciar a importancia do silencio, da concentración e da atención para traballar a escucha activa, así como crear un marco de respeito aplicando as normas de comportamento individual e grupal.	Manter silencio na escucha para apreciar as características estudiadas na música. Respectar as preguntas dos demás e falar nas quendas indicadas.	TI	100
CA2.3 - Ler partituras sinxelas, identificando de forma guiada os elementos básicos da linguaxe musical, demostrando coñecemento dos elementos estudiados, así como habilidades musicais básicas individuais e grupais.	Ler as partituras propostas con corrección, recoñecendo os elementos básicos que conforman os parámetros do son e recoñecendo a súa representación gráfica na música.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>			
<ul style="list-style-type: none"> <li>- O silencio, o son, o ruído e a escucha activa. Sensibilidade ante a polución sonora e a creación de ambientes saudables de escucha.</li> <li>- Elementos básicos da linguaxe musical. Parámetros do son, intervalos, escalas musicais e acordes básicos.</li> <li>- Normas de comportamento básicas na recepción musical: respeito e valoración.</li> <li>- A partitura: identificación e aplicación de grafías convencionais e non convencionais, lectura e escritura musical.</li> </ul>			

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
2	Elementos rítmicos e melódicos: duración e altura.	12

<b>Criterios de evaluación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.3 - Ler, escutar e analizar partituras sinxelas, a través de diferentes soportes audiovisuais, identificando de forma guiada os elementos básicos da linguaxe musical.	Recoñecer os principais elementos rítmicos e melódicos nas partituras traballadas: compás, figuras musicais, notas musicais, clave de sol en 2ª liña, intervalos, tipos de melodías.	PE	30
CA1.4 - Apreciar a importancia do silencio, da concentración e da atención para traballar a escucha activa, así como crear un marco de respeito aplicando as normas de comportamento individual e grupal.	Respectar as producións dos compañeiros e gardar silencio nos momentos nos que os demáis estean formulando dúbidas ou executando o seu papel no conxunto, intervindo cando o profesorado o indique.		
CA2.3 - Ler partituras sinxelas, identificando de forma guiada os elementos básicos da linguaxe musical, demostrando coñecemento dos elementos estudiados, así como habilidades musicais básicas individuais e grupais.	Ler e executar coa destreza esixida neste curso os exercicios e partituras de percusión corporal, movemento, pequena percusión ou lectura traballados durante as sesións desta unidade.	TI	70
CA2.4 - Empregar técnicas básicas de interpretación vocal, corporal ou instrumental, aplicando estratexias de memorización e valorando os ensaios como espazos de escucha e aprendizaxe, así como mostrando iniciativa nos procesos creativos e interpretativos.	Executar con precisión as técnicas instrumentais, vocais ou corporais traballadas nas partituras utilizadas nesta unidade.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>	
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Elementos básicos da linguaxe musical. Parámetros do son, intervalos, escalas musicais e acordes básicos.</li> <li>- Obras musicais e dancísticas características do patrimonio cultural e musical galego, español ou do mundo: análise, descripción e valoración dos seus trazos básicos.</li> <li>- Compositoras e compositores, artistas, intérpretes e agrupacións internacionais, nacionais, rexionais e locais, con especial atención aos da Comunidade Autónoma de Galicia.</li> <li>- A partitura: identificación e aplicación de grafías convencionais e non convencionais, lectura e escritura musical.</li> <li>- Coñecemento práctico da linguaxe musical como instrumento efectivo nas actividades de creación e interpretación: lectura rítmica e melódica en clave de sol, claves, células rítmicas básicas nos compases simples e compostos. Signos que modifican a duración.</li> <li>- Repertorio vocal, instrumental ou corporal, individual ou grupal, de distintos tipos de música do patrimonio musical propio e doutras culturas.</li> <li>- Técnicas básicas para a interpretación: técnicas vocais, instrumentais e corporais, técnicas de estudio e de control de emocións.</li> </ul>	

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
3	Harmonía: introducción aos acordes básicos.	8

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Criterios de avaliação	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Ler, escutar e analizar partituras sinxelas, a través de diferentes soportes audiovisuais, identificando de forma guiada os elementos básicos da linguaxe musical.	Recoñecer e explicar nas partituras e obras a executar, os tipos de acordes e funcións tonáis traballados nesta unidade.	PE	40
CA1.2 - Explicar cun vocabulario apropiado e cunha actitude aberta e respectuosa as ideas, sentimentos e emocións propias que nos suxiran as propostas estudas, así como as funcións desempeñadas por determinadas producións musicais e dancísticas, relacionánndoas coas principais características do seu contexto histórico, social e cultural, a través da audición, do visionamento ou da asistencia a eventos musicais.	Explicar cun vocabulario axeitado as ideas, sentimentos e emocións suxeridos polas obras e exercicios traballados nesta unidade segundo a sucesión e tipos de acordes escutados.	TI	60
CA2.3 - Ler partituras sinxelas, identificando de forma guiada os elementos básicos da linguaxe musical, demostrando coñecemento dos elementos estudas, así como habilidades musicais básicas individuais e grupais.	Ler e recoñecer nas partituras traballadas os tipos de acordes e funcións tonáis estudas nesta unidade.		
CA2.4 - Empregar técnicas básicas de interpretación vocal, corporal ou instrumental, aplicando estratexias de memorización e valorando os ensaios como espazos de escuta e aprendizaxe, así como mostrando iniciativa nos procesos creativos e interpretativos.	Executar vocal ou instrumentalmente con corrección as pezas propostas nesta unidade, con especial atención á afinación dos acordes nas pezas a 3 ou más voces.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Elementos básicos da linguaxe musical. Parámetros do son, intervalos, escalas musicais e acordes básicos.</li> <li>- Texturas monofónicas e polifónicas, melodía acompañada. Formas musicais: motivo, frase, formas binarias, ternarias, forma rondó, formas musicais da canción popular urbana.</li> <li>- Obras musicais e dancísticas características do patrimonio cultural e musical galego, español ou do mundo: análise, descripción e valoración dos seus trazos básicos.</li> <li>- Compositoras e compositores, artistas, intérpretes e agrupacións internacionais, nacionais, rexionais e locais, con especial atención aos da Comunidade Autónoma de Galicia.</li> <li>- A partitura: identificación e aplicación de grafías convencionais e non convencionais, lectura e escritura musical.</li> <li>- Coñecemento práctico da linguaxe musical como instrumento efectivo nas actividades de creación e interpretación: lectura rítmica e melódica en clave de sol, claves, células rítmicas básicas nos compases simples e compostos. Signos que modifican a duración.</li> <li>- Técnicas básicas para a interpretación: técnicas vocais, instrumentais e corporais, técnicas de estudio e de control de emocións.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
4	Texturas e formas musicais	10

<b>Criterios de avaliação</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.1 - Identificar os principais trazos estilísticos de obras musicais e dancísticas de diferentes épocas e culturas, evidenciando unha actitude de apertura, interese e respeito na súa escuta ou no seu visionamento.	Identificar as diferentes texturas e formas estudadas.	PE	60
CA3.2 - Identificar as características e os elementos técnicos de propostas musicais da nosa cultura e doutras, analizando os aspectos comúns e as diferencias entre elas.	Identificar as diferencias entre as formas musicais traballadas nesta unidade.		
CA1.3 - Ler, escutar e analizar partituras sinxelas, a través de diferentes soportes audiovisuais, identificando de forma guiada os elementos básicos da lingua musical.	Recoñecer auditivamente e na lectura das partituras traballadas, os tipos de textura e formas estudados nesta unidade.	TI	40
CA1.4 - Apreciar a importancia do silencio, da concentración e da atención para traballar a escuta activa, así como crear un marco de respecto aplicando as normas de comportamento individual e grupal.	Manter silencio na escuta para apreciar as características estudadas na música. Respectar as preguntas dos demás e falar nas quendas indicadas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>	
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Texturas monofónicas e polifónicas, melodía acompañada. Formas musicais: motivo, frase, formas binarias, ternarias, forma rondó, formas musicais da canción popular urbana.</li> <li>- Obras musicais e dancísticas características do patrimonio cultural e musical galego, español ou do mundo: análise, descripción e valoración dos seus trazos básicos.</li> <li>- Compositoras e compositores, artistas, intérpretes e agrupacións internacionais, nacionais, rexionais e locais, con especial atención aos da Comunidade Autónoma de Galicia.</li> <li>- Músicas populares, urbanas e contemporáneas: análise, interpretación e creación dun proxecto propio baseado nos estilos estudados.</li> </ul>	

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
5	Instrumentos da tradición musical occidental Europea: Timbre I	5

<b>Criterios de avaliação</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.1 - Identificar os principais trazos estilísticos de obras musicais e dancísticas de diferentes épocas e culturas, evidenciando unha actitude de apertura, interese e respeito na súa escuta ou no seu visionamento.	Identificar os diferentes instrumentos e agrupacións e clasificalos por familias.	PE	30

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.2 - Explicar cun vocabulario apropiado e cunha actitude aberta e respectuosa as ideas, sentimentos e emocións propias que nos suxiran as propostas estudas, así como as funcións desempeñadas por determinadas producións musicais e dancísticas, relacionándoas coas principais características do seu contexto histórico, social e cultural, a través da audición, do visionamento ou da asistencia a eventos musicais.	Expresar cun vocabulario axeitado ideas, emocións e opinións sobre os diferentes timbres instrumentais traballados nesta unidade.	TI	70
CA2.3 - Ler partituras sinxelas, identificando de forma guiada os elementos básicos da linguaxe musical, demostrando coñecemento dos elementos estudas, así como habilidades musicais básicas individuais e grupais.	Ler e executar as partituras instrumentais propostas nesta unidade.		
CA3.1 - Valorar a importancia do noso patrimonio musical e dancístico tradicional e popular, así como o doutras culturas musicais do mundo, sendo consciente da súa relevancia e influencia na evolución da música ata a actualidade.	Mostrar respecto cara os instrumentos e agrupacións traballados nesta unidade, valorando a súa importancia e influencia nas músicas actuais.		
CA3.2 - Identificar as características e os elementos técnicos de propostas musicais da nosa cultura e doutras, analizando os aspectos comúns e as diferenzas entre elas.	Identificar as características técnicas específicas dos diferentes instrumentos musicais estudas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>	
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Obras musicais e dancísticas características do patrimonio cultural e musical galego, español ou do mundo: análise, descripción e valoración dos seus trazos básicos.</li> <li>- Compositoras e compositores, artistas, intérpretes e agrupacións internacionais, nacionais, rexionais e locais, con especial atención aos da Comunidade Autónoma de Galicia.</li> <li>- Normas de comportamento básicas na recepción musical: respeito e valoración.</li> <li>- Repertorio vocal, instrumental ou corporal, individual ou grupal, de distintos tipos de música do patrimonio musical propio e doutras culturas.</li> <li>- A voz e os instrumentos: clasificación xeral por familias e características. Principais agrupacións musicais.</li> </ul>	

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
6 II	A voz: producción do son, clasificación das voces e agrupacións vocais. Técnicas de canto. Timbre	4

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Criterios de avaliação	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.2 - Identificar as características e os elementos técnicos de propostas musicais da nosa cultura e doutras, analizando os aspectos comúns e as diferenzas entre elas.	Identificar os distintos tipos de voz, as distintas agrupacións vocais estudiadas e formas de cantar, analizando os aspectos comúns e diferenzas entre elas.	PE	30
CA1.2 - Explicar cun vocabulario apropiado e cunha actitude aberta e respectuosa as ideas, sentimentos e emocións propias que nos suxiran as propostas estudiadas, así como as funcións desempeñadas por determinadas producións musicais e dancísticas, relacionándoas coas principais características do seu contexto histórico, social e cultural, a través da audición, do visionamento ou da asistencia a eventos musicais.	Explicar, cun vocabulario adecuado, a función do canto das distintas agrupacións vocais e formas de colocar a voz.	TI	70
CA2.3 - Ler partituras sinxelas, identificando de forma guiada os elementos básicos da linguaxe musical, demostrando coñecemento dos elementos estudiados, así como habilidades musicais básicas individuais e grupais.	Ler partituras sinxelas a unha ou dúas voces, para poder interpretalas mediante o canto.		
CA2.4 - Empregar técnicas básicas de interpretación vocal, corporal ou instrumental, aplicando estratexias de memorización e valorando os ensaios como espazos de escucha e aprendizaxe, así como mostrando iniciativa nos procesos creativos e interpretativos.	Cantar de forma individual e grupal seguindo as indicacións técnicas e musicais do profesorado.		
CA2.5 - Interpretar con corrección pezas musicais e dancísticas sinxelas, individuais e grupais, dentro e fóra da aula, xestionando de forma guiada a ansiedade e o medo escénico e mantendo a concentración e o respeito cara aos demás.	Interpretar con corrección as pezas vocais propostas nesta unidade, a nivel individual e interpretando o rol indicado no grupo.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaluación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos	
- Obras musicais e dancísticas características do patrimonio cultural e musical galego, español ou do mundo: análise, descripción e valoración dos seus trazos básicos. - Concertos, actuacións musicais e outras manifestacións artístico-musicais en vivo e rexistradas. - Repertorio vocal, instrumental ou corporal, individual ou grupal, de distintos tipos de música do patrimonio musical propio e doutras culturas. - Técnicas básicas para a interpretación: técnicas vocais, instrumentais e corporais, técnicas de estudio e de control de emocións. - Normas de comportamento e participación en actividades musicais e escénicas de interpretación. - A voz e os instrumentos: clasificación xeral por familias e características. Principais agrupacións musicais.	

UD	Título da UD	Duración
7	Música e danza en Galicia: desde o tradicional ata a actualidade.	4

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA3.2 - Identificar as características e os elementos técnicos de propostas musicais da nosa cultura e doutras, analizando os aspectos comúns e as diferenzas entre elas.	Identificar os rasgos característicos das músicas e danzas da nosa cultura: instrumentos utilizados, tipos de compás, estruturas, tipos de danzas.	PE	40
CA3.5 - Identificar as características culturais e sociais, así como os elementos propios da linguaxe musical das obras propostas que constitúen o patrimonio artístico musical galego e da nosa contorna, con actitude de respecto.	Describir as características culturais e sociais das obras propostas do noso patrimonio artístico galego.		
CA2.7 - Interpretar e crear a través da voz, do corpo ou dos instrumentos, de maneira individual ou en grupo, diferentes pezas musicais, escénicas e dancísticas con elementos propios da cultura galega.	Interpretar con corrección pezas musicais e dancísticas cos elementos estudiados nesta unidade, seguindo as pautas dadas polo profesorado.	TI	60
CA3.1 - Valorar a importancia do noso patrimonio musical e dancístico tradicional e popular, así como o doutras culturas musicais do mundo, sendo consciente da súa relevancia e influencia na evolución da música ata a actualidade.	Valorar e respectar as músicas e danzas do noso patrimonio traballadas e estudiadas nesta unidade.		
CA3.6 - Utilizar as características e os elementos propios da cultura musical galega como base para crear diferentes composicións musicais, escénicas e/ou dancísticas executadas a través da voz, do corpo ou dos instrumentos.	Crear pezas propias (individuais ou en grupo, musicais ou dancísticas), baseándose nos elementos propios da cultura musical galega.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>	
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Repertorio vocal, instrumental ou corporal, individual ou grupal, de distintos tipos de música do patrimonio musical propio e doutras culturas.</li> <li>- A música en Galicia: instrumentos, formas tradicionais, danzas e xéneros tradicionais, populares e urbanos. Análise, interpretación e creación.</li> </ul>	

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
8	Música e danzas de España e do mundo	3

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA3.1 - Valorar a importancia do noso patrimonio musical e dancístico tradicional e popular, así como o doutras culturas musicais do mundo, sendo consciente da súa relevancia e influencia na evolución da música ata a actualidade.	Expoñer ideas sobre as músicas e danzas tradicionais e populares do noso patrimonio e doutras culturas do mundo, reconhecendo a influencia de certos ritmos tradicionais nas músicas actuais.	TI	100
CA3.2 - Identificar as características e os elementos técnicos de propostas musicais da nosa cultura e doutras, analizando os aspectos comúns e as diferenzas entre elas.	Diferenciar as características musicais (instrumentos, ritmo, características melódicas...) das distintas culturas estudiadas, asociándolas a cada lugar específico.		

Criterios de avaliação	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.3 - Interpretar con corrección pezas musicais e dancísticas sinxelas, individuais e grupais, das diferentes culturas estudiadas, valorando e mantendo unha actitude de respecto cara ao patrimonio artístico das diferentes culturas que conforman o mundo.	Interpretar instrumental ou vocalmente con corrección, de maneira individual e grupal, as pezas propostas nesta unidade.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- As músicas tradicionais en España e a súa diversidade cultural: instrumentos, cancións, danzas e bailes. Estudo das súas características e interpretación.
- Tradicións musicais e dancísticas doutras culturas do mundo: características e funcións. Instrumentos, cancións, danzas e bailes en África, Asia, América, Europa e Oceanía.

UD	Título da UD	Duración
9	A improvisación na música e na danza: improvisación libre e guiada, introdución ao Jazz.	6

Criterios de avaliação	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Participar, con iniciativa, confianza e creatividade, na exploración de técnicas musicais e dancísticas básicas, por medio de improvisacións pautadas, individuais ou grupais, nas que se empreguen a voz, o corpo, instrumentos musicais ou ferramentas tecnoloxicas.	Participar activamente, achegando ideas propias e con respecto cara as suestiós dos demás, nas actividades de improvisación musical e dancísticas propostas nesta unidade.	TI	100
CA2.2 - Expressar ideas, sentimientos e emocións en actividades pautadas de improvisación, seleccionando as técnicas más adecuadas de entre as que conforman o repertorio persoal de recursos.	Expressar ideas propias, sentimientos e emocións nas actividades de improvisación propostas nesta unidade, investigando con mentalidade aberta as propias posibilidades e recursos improvisatorios.		
CA3.4 - Participar activamente na planificación e na execución de propostas artístico-musicais colaborativas, valorando as achegas do resto dos integrantes do grupo e descubrindo oportunidades de desenvolvemento persoal, social, académico e profesional, usando medios audiovisuais e tecnoloxías dixitais.	Contribuir a crear un proxecto de repertorio grupal propio, no que se inclúan fragmentos improvisados, seguindo as técnicas propostas polo profesorado.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Coñecemento práctico da linguaxe musical como instrumento efectivo nas actividades de creación e interpretación: lectura rítmica e melódica en clave de sol, claves, células rítmicas básicas nos compases simples e compostos. Signos que modifican a duración.
- Repertorio vocal, instrumental ou corporal, individual ou grupal, de distintos tipos de música do patrimonio musical propio e doutras culturas.

**Contidos**

- Técnicas de improvisación guiada e libre.
- Músicas populares, urbanas e contemporáneas: análise, interpretación e creación dun proxecto propio baseado nos estilos estudiados.

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
10	Música popular urbana, medios de comunicación e cine.	4

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.1 - Identificar os principais trazos estilísticos de obras musicais e dancísticas de diferentes épocas e culturas, evidenciando unha actitude de apertura, interese e respecto na súa escuta ou no seu visionamento.	Describir as principais características das músicas urbanas, así como a función da música no cine e medios de comunicación.	PE	20
CA2.4 - Empregar técnicas básicas de interpretación vocal, corporal ou instrumental, aplicando estratexias de memorización e valorando os ensaios como espazos de escuta e aprendizaxe, así como mostrando iniciativa nos procesos creativos e interpretativos.	Empregar a técnica básica que permita executar instrumental, vocal ou corporalmente as músicas traballadas nesta unidade.		
CA2.6 - Planificar e desenvolver, con creatividade, propostas artístico-musicais, tanto individuais coma colaborativas, empregando medios musicais e dancísticos, así como ferramentas analóxicas e dixitais, con actitude inclusiva e cohesionadora.	Participar na planificación e creación de propostas artístico-musicais grupais desenvolvidas nesta unidade.		
CA3.3 - Interpretar con corrección pezas musicais e dancísticas sinxelas, individuais e grupais, das diferentes culturas estudiadas, valorando e mantendo unha actitude de respecto cara ao patrimonio artístico das diferentes culturas que conforman o mundo.	Interpretar con corrección as músicas propostas nesta unidade.	TI	80
CA3.4 - Participar activamente na planificación e na execución de propostas artístico-musicais colaborativas, valorando as achegas do resto dos integrantes do grupo e descubrindo oportunidades de desenvolvimento persoal, social, académico e profesional, usando medios audiovisuais e tecnoloxías dixitais.	Contribuir a crear un proxecto de repertorio grupal propio, no que se inclúan pezas de música urbana ou cinematográfica, seguindo as directrices propostas polo profesorado.		
CA3.6 - Utilizar as características e os elementos propios da cultura musical galega como base para crear diferentes composicións musicais, escénicas e/ou dancísticas executadas a través da voz, do corpo ou dos instrumentos.	Crear ou interpretar unha peza musical ou dancística con elementos propios da cultura musical galega, e propoñer o seu uso para unha escena cinematográfica ou anuncio de radio ou televisión.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

**Contidos**

## Contidos

- Compositoras e compositores, artistas, intérpretes e agrupacións internacionais, nacionais, rexionais e locais, con especial atención aos da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Repertorio vocal, instrumental ou corporal, individual ou grupal, de distintos tipos de música do patrimonio musical propio e doutras culturas.
- Técnicas básicas para a interpretación: técnicas vocais, instrumentais e corporais, técnicas de estudio e de control de emocións.
- Músicas populares, urbanas e contemporáneas: análise, interpretación e creación dun proxecto propio baseado nos estilos estudiados.
- O son e a música nos medios audiovisuais e as tecnoloxías dixitais.

UD	Título da UD	Duración
11	Música e tecnoloxía: Ferramentas dixitais de edición, recepción e creación.	4

Criterios de evaluación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Ler, escutar e analizar partituras sinxelas, a través de diferentes soportes audiovisuais, identificando de forma guiada os elementos básicos da lingua musical.	Coñecer e utilizar diferentes soportes audiovisuais para escutar, visualizar e analizar diferentes partituras e pezas musicais e dancísticas.		
CA2.6 - Planificar e desenvolver, con creatividade, propostas artístico-musicais, tanto individuais como colaborativas, empregando medios musicais e dancísticos, así como ferramentas analóxicas e dixitais, con actitude inclusiva e cohesionadora.	Coñecer e manexar as ferramentas dixitais de edición, creación e secuenciación de partituras traballadas nesta unidade.	TI	100
CA3.4 - Participar activamente na planificación e na ejecución de propostas artístico-musicais colaborativas, valorando as achegas do resto dos integrantes do grupo e descubrindo oportunidades de desenvolvimento persoal, social, académico e profesional, usando medios audiovisuais e tecnoloxías dixitais.	Crear un proxecto musical, individual ou grupal, seguindo as pautas dadas polo profesorado, no que se utilicen medios audiovisuais e tecnoloxías dixitais.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaluación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

## Contidos

- Ferramentas dixitais para a recepción musical: diferentes soportes audiovisuais.
- Ferramentas dixitais para a creación musical: manexo de secuenciadores e editores de partituras.
- O son e a música nos medios audiovisuais e as tecnoloxías dixitais.

UD	Título da UD	Duración
12	Música en vivo: Son músico e son público	5

Criterios de avaliação	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.3 - Ler partituras sinxelas, identificando de forma guiada os elementos básicos da lingua musical, demostrando coñecemento dos elementos estudos, así como habilidades musicais básicas individuais e grupais.	Ler con corrección as partituras que conforman o repertorio a interpretar nesta unidade.		
CA2.4 - Empregar técnicas básicas de interpretación vocal, corporal ou instrumental, aplicando estratexias de memorización e valorando os ensaios como espazos de escuta e aprendizaxe, así como mostrando iniciativa nos procesos creativos e interpretativos.	Empregar a técnica básica necesaria instrumental, vocal e corporal estudiada ao longo do curso para preparar o repertorio traballado nesta unidade.		
CA2.5 - Interpretar con corrección pezas musicais e dancísticas sinxelas, individuais e grupais, dentro e fóra da aula, xestionando de forma guiada a ansiedade e o medo escénico e mantendo a concentración e o respecto cara aos demais.	Interpretar con corrección as pezas musicais e dancísticas propostas nesta unidade, tanto na clase como en público, xestionando o medo escénico e mantendo a concentración e respecto cara aos demais.		
CA2.6 - Planificar e desenvolver, con creatividade, propostas artístico-musicais, tanto individuais coma colaborativas, empregando medios musicais e dancísticos, así como ferramentas analóxicas e dixitais, con actitude inclusiva e cohesionadora.	Participar na planificación e creación da proposta escénico-artística ideada para esta unidade.	TI	100
CA3.3 - Interpretar con corrección pezas musicais e dancísticas sinxelas, individuais e grupais, das diferentes culturas estudas, valorando e mantendo unha actitude de respecto cara ao patrimonio artístico das diferentes culturas que conforman o mundo.	Interpretar con corrección, na clase e en público repertorio das diferentes culturas musicais estudas.		
CA3.4 - Participar activamente na planificación e na execución de propostas artístico-musicais colaborativas, valorando as achegas do resto dos integrantes do grupo e descubrindo oportunidades de desenvolvemento persoal, social, académico e profesional, usando medios audiovisuais e tecnoloxías dixitais.	Participar na creación de medios audiovisuais que acompañen o repertorio proposto nesta unidade, e axudar a xestionar a organización das actuacións en vivo con dito repertorio.		
CA3.6 - Utilizar as características e os elementos propios da cultura musical galega como base para crear diferentes composicións musicais, escénicas e/ou dancísticas executadas a través da voz, do corpo ou dos instrumentos.	Crear composicións musicais ou dancísticas con elementos propios da cultura galega, para interpretalos en vivo co resto do repertorio proposto nesta unidade.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Repertorio vocal, instrumental ou corporal, individual ou grupal, de distintos tipos de música do patrimonio musical propio e doutras culturas.</li> <li>- Técnicas básicas para a interpretación: técnicas vocais, instrumentais e corporais, técnicas de estudio e de control de emocións.</li> <li>- Normas de comportamento e participación en actividades musicais e escénicas de interpretación.</li> <li>- As músicas tradicionais en España e a súa diversidade cultural: instrumentos, cancións, danzas e bailes. Estudo das súas características e interpretación.</li> </ul>

## Contidos

- A música en Galicia: instrumentos, formas tradicionais, danzas e xéneros tradicionais, populares e urbanos. Análise, interpretación e creación.
- Músicas populares, urbanas e contemporáneas: análise, interpretación e creación dun proxecto propio baseado nos estilos estudiados.

### 4.1. Concreciones metodolóxicas

As unidades didácticas propostas nesta programación están pensadas nalgúns casos para interrelacionarse, de xeito que a súa aplicación non ten por qué ser lineal no tempo, é dicir, á vez que traballamos por exemplo a unidade sobre música popular urbana e medios de comunicación, podemos engadir contidos doutras unidades como música e tecnoloxía ou preparando ao alumnado para actuar en público, contidos da unidade música en vivo, co propio repertorio traballado sobre músicas urbanas.

Tamén cabe dicir que en música, os contidos son acumulativos, é dicir, presentamos o traballo sobre ritmo por primeira vez na unidade 2, pero ese traballo de lectura de figuras musicais e compases continuará facéndose ao longo do curso a través do repertorio instrumental, vocal ou corporal das demáis unidades, e así ocorre sucesivamente co resto dos contidos presentados.

Ademáis do anterior, as directrices metodolóxicas a seguir nesta programación son as seguintes:

- A asimilación dos distintos bloques de contidos, partirá sempre da práctica para logo pasar á teorización, é dicir, a base desta programación é aprender facendo.
- A planificación do ensino faise sempre en base a vivir a experiencia da música a través da interpretación, da creación e da escoita activa de distintas propostas artísticas.
- Os criterios de avaliación están directamente relacionados cos obxectivos propostos, é dicir, superar con éxito os criterios de avaliación amosa o grao de adquisición destes obxectivos por parte do alumnado.
- Diseñaranse diferentes situacóns de aprendizaxe que incluirán procedementos diversos para traballar os contidos, e sempre partindo dunha visión global, onde os novos coñecementos aprendidos completen e conecten cos coñecementos previos do alumnado e teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe que coexisten no contexto da aula, así como a atención á diversidade, propoñendo sempre mecanismos de reforzo para as dificultades que se detecten.
- Terase en conta e farase destacable a través dos contidos transversais a importancia da relación entre a materia de Música e outras materias. Aínda que a priori a relación máis directa se dá con Educación Plástica, Visual e Audiovisual, por compartir competencias de índole artística, tamén é posible establecer relacóns coas Matemáticas, por exemplo a través das proporcións do ritmo, da estrutura musical, das calidades físicas do son; coas linguas, a través da simbiose entre texto, idioma e melodía; coa Historia para entender os contextos de creación das diferentes obras e expresións musicais universais e coa Tecnoloxía, a través do manexo de diferentes ferramentas dixitais para escribir, manipular o son e compoñer etc.
- Promoverase nas distintas unidades o traballo en equipo e a capacidade emprendedora, dada a natureza grupal e creativa desta materia, realizando proxectos colaborativos entre o alumnado, onde se poidan aplicar técnicas de reforzo da autoestima, da autonomía, da reflexión e da meditación sobre o grao de responsabilidade de cada un no conxunto do proxecto.
- Utilizaranse distintos tipos de actividades segundo a natureza das unidades: actividades introductorias ou de presentación dos contidos para descubrir os coñecementos previos do alumnado, actividades de motivación ou descubrimento, de desenvolvemento e consolidación, de avaliación, de reforzo e recuperación e de ampliación dos contidos nos casos que sexa necesario.
- Por último destacar os principios metodolóxicos nos que se basea esta programación como son a práctica e a motivación, a interrelación entre contidos e materias, a aprendizaxe significativa e funcional, a creatividade, a atención personalizada, a actitude analítica e a socialización.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Material da aula de música: instrumentos musicais, ordenador con conexión a internet e proxector, equipo de música.
Plataformas de difusión de vídeos: youtube.
Páxinas webs dedicadas a aprendizaxe da música.
Software musical: museScore, audacity.
Material de elaboración propia.
Libros de texto de diferentes editoriais.
Libros de consulta da biblioteca do centro.
Material audiovisual: DVD documentais e películas, CD- ROM, CD de audio.

i

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A Avaliación inicial neste 2º curso de ESO terá por obxecto averiguar os coñecementos musicais e dancísticos que o alumnado aprendeu e lembra da etapa da educación primaria, xa que no 1º curso de ESO a asignatura de música non está contemplada na comunidade autónoma de Galicia.

Para dita avaliación inicial utilizaremos a primeira unidade onde facemos un repaso dos parámetros do son e como se representan estes na partitura. Moitas destas cuestiós de escritura e linguaxe musical son as que se traballan na educación primaria.

Para dita avaliación inicial presentaremos unha pequena partitura onde o alumnado terá que nomear os símbolos que aparecen nela, así como lela e interpretala.

O profesorado disporá dunha táboa para tomar notas de cada alumna e alumno interpretando a parte instrumental, onde se recollerán ítems como: a continuidade no pulso, calidade do son, interpretación das figuras musicais, interpretación das notas musicais, interpretación dos matices.

Para comprobar o coñecemento dos signos musicais, na propia partitura que se lles entrega terán que sinalar e nomear os elementos indicados e entregala.

Outras cuestiós como as destrezas no movemento e danza, o manexo da tecnoloxía, o coñecemento dos instrumentos ou a voz teranse que ir comprobando ao inicio das sucesivas unidades didácticas ao longo do curso, por iso cada unidade sempre comeza cunha actividade introductoria de coñecementos previos sobre os contidos a tratar.

A avaliación inicial indicará o punto de partida do alumnado para saber se podemos aplicar a programación tal cual, ou facer nas unidades correspondentes as adaptacións necesarias.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

<b>Unidade didáctica</b>	<b>UD 1</b>	<b>UD 2</b>	<b>UD 3</b>	<b>UD 4</b>	<b>UD 5</b>	<b>UD 6</b>	<b>UD 7</b>	<b>UD 8</b>	<b>UD 9</b>	<b>UD 10</b>
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>5</b>	<b>15</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>6</b>	<b>5</b>
<b>Proba escrita</b>	0	30	40	60	30	30	40	0	0	20
<b>Táboa de indicadores</b>	100	70	60	40	70	70	60	100	100	80

<b>Unidade didáctica</b>	<b>UD 11</b>	<b>UD 12</b>	<b>Total</b>
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>4</b>	<b>5</b>	<b>100</b>
<b>Proba escrita</b>	0	0	<b>26</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	100	100	<b>74</b>

#### Criterios de cualificación:

Debido a que a materia é altamente procedural os criterios de cualificación serán os seguintes:

1. Contidos teóricos: puntuarse de 0 a 10 as actividades de avaliação dos contidos de cultura musical, da análise de partituras, das audicións comentadas e dos contidos teóricos da linguaxe musical, sendo logo un 40% da nota final.

O exame escrito contará con exercicios prácticos de linguaxe musical, preguntas curtas e outras de redacción, explicación de contidos e de análise de audicións ou partituras. Farase un exame trimestral, puidendo nalgúnsas unidades realizar exames parciais e facer a media entre todas as probas teóricas escritas.

O exame teórico poderá ser adaptado segundo os casos de necesidades educativas especiais ou atención á diversidade especificados e acordados co departamento de orientación e os informes pertinentes presentados polas familias.

2. Contidos prácticos: puntuaranse de 0 a 10 as actividades de interpretación instrumental, vocal, exercicios prácticos de lectura rítmica/melódica, percusión corporal, danza...etc, sendo logo un 40% da nota final. A parte práctica avaliarase mediante a observación sistemática con táboa de indicadores ou rúbricas e en caso necesario mediante a realización de exames prácticos.

En relación á interpretación instrumental hai que ter en conta os diferentes niveis do alumnado, polo que o profesorado facilitará no posible as medidas necesarias para aquel alumnado que o precise (dispoñibilidade horaria no recreo, adecuación das partituras ao nivel, etc.).

3. Traballo diario, comportamento, interés e actitude hacia a materia: 20% da nota final.

O aprobado da materia acádase cunha puntuación mínima de 5. É necesario obter unha puntuación mínima de 4 nas probas escritas e nas probas prácticas para facer media e aprobar a materia.

A avaliación final será o resultado da media das 3 avaliações. Poderase facer media e aprobar a asignatura cunha avaliação suspensa sempre que a nota de dita avaliação non sexa inferior a 4.

Cando a nota de cada avaliação ou final dea números con decimais, se estes están por debaixo de 0.5 tenderase a nota enteira inferior, e se están por enriba de 0.5 tenderase a nota enteira superior, por exemplo, se a media é de 7.3 a nota será 7; se a media é 7.7 a nota será 8.

#### Criterios de recuperación:

O alumnado que teña dous ou os tres trimestres con avaliação negativa, ou non acade a nota media de 5 deberá realizar unha recuperación.

Constará de dúas partes:

1. A realización dunha proba escrita e/ou unha proba practica, na que se avaliarán os contidos non superados polo

alumno/a nas avaliacións previas. A cualificación da proba suporá o 80% da nota da avaliación final.

2. Entrega das actividades e traballos que non se entregaron ao longo do curso e a repetición dos traballos e actividades con avaliación negativa. Farase a media das notas obtidas en cada traballo e suporá o 20% da nota da avaliación final.

### **5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes**

O alumno/a que promocione de curso coa materia pendente poderá recuperala durante o transcurso do seguinte curso mediante a realización dun programa de actividades acordado co alumno/a á principio de curso. Nel estableceranse as actividades a realizar e a temporalización da entrega das mesmas, e levarase a cabo por parte da profesora da materia un seguimento mensual da evolución do traballo, rexistrándose unha cualificación trimestral. O alumno/a deberá obter unha puntuación mínima de 5 ao facer a media das cualificacións de cada unha das actividades programadas. A nota obtida suporá o 60% da cualificación final.

No mes de maio realizarase unha proba escrita, con preguntas obxectivas. Esta nota suporá o 40% da cualificación final.

### **6. Medidas de atención á diversidade**

Prestaremos especial atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, ofrecendo diferentes formas de organización dos espazos e tempos da clase, e metodoloxías variadas que permitan a todo o alumnado seguir as explicacións e actividades propostas.

O obxectivo fundamental é asegurar a normalización, inclusión e non-discriminación deste alumnado coa fin de que poida acceder a unha educación de calidade con igualdade de condicións.

Para garantir un apoio adecuado a este alumnado é fundamental establecer canles de colaboración entre o diverso profesorado que intervén na súa educación, e organizar os recursos persoais e materiais do centro coa fin de desenvolver actividades encamiñadas á inserción e promoción.

Estudiaranse as circunstancias concretas de cada caso, con especial atención ao alumnado con dificultades de aprendizaxe, tendo en conta os diferentes ritmos e estilos de aprendizaxe, establecendo as liñas educativas a seguir e garantindo así os apoios necesarios. Para elo, a función da coordinación entre docentes, alumnado e familias é fundamental a través da titoría.

Poderanse realizar adaptacións curriculares e organizativas ofrecendo entre outros, programas de reforzo ademais de medidas de apoio personalizado para o alumnado con necesidade específica de apoio educativo, e para aqueles que permanezan un ano máis no mesmo curso, coa fin de permitir a todo o alumnado o desenvolvemento das competencias clave previsto no perfil de saída e a consecución dos obxectivos xerais da educación secundaria obligatoria, así como alcanzar o máximo desenvolvemento das súas capacidades persoais.

Con todo, para a atención á diversidade do alumnado de educación secundaria obligatoria estarase ao disposto na lexislación vixente na Comunidade Autónoma de Galicia.

Algunhas posibles ferramentas para organizar a atención á diversidade serían:

1. Organizar ao alumnado en diferentes agrupamentos nas actividades segundo os seus intereses e motivacións.
2. Utilizar materiais variados en ditas actividades: escritos, audiovisuais, etc.
3. Aplicar diversas técnicas e metodoloxías para explicar un mesmo contido.
4. Manter o contacto permanente con este alumnado a través de entrevista persoal e titorías coas familias para saber que parte da asignatura cóstalles máis seguir.
5. Ofrecerlle tempo extra para asimilar as explicacións (por exemplo algún recreo a semana para consultar dúbihdas) e para resolver probas específicas.

## 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión lectora	X			X	X	X		
ET.2 - Creatividade		X				X		
ET.3 - Autonomía		X	X			X		
ET.4 - Traballo en equipo, emprendemento social e empresarial		X				X	X	X
ET.5 - Igualdade entre sexos		X		X		X	X	X
ET.6 - Consumo responsable: fomento do espírito crítico		X			X	X	X	X
ET.7 - Respeto mutuo: educación emocional e en valores		X	X			X	X	X
ET.8 - Expresión oral e escrita	X			X				
ET.9 - Competencia dixital e comunicación audiovisual								

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12
ET.1 - Comprensión lectora				
ET.2 - Creatividade	X	X	X	
ET.3 - Autonomía	X		X	X
ET.4 - Traballo en equipo, emprendemento social e empresarial	X	X		X
ET.5 - Igualdade entre sexos	X	X		
ET.6 - Consumo responsable: fomento do espírito crítico	X	X		
ET.7 - Respeto mutuo: educación emocional e en valores	X	X		X
ET.8 - Expresión oral e escrita				
ET.9 - Competencia dixital e comunicación audiovisual			X	X

**Observacións:**

- Comprensión lectora: Traballarse principalmente nas unidades 1, 4, 5 e 6 a través dos textos para aprender os contidos teóricos. - Creatividade: traballarse nas unidades 2, 6, 9, 10 e 11 a través da composición de exercicios e pezas propias de percusión corporal, uso de tecnoloxías, creación de letras, improvisación... - Autonomía: traballarse nas unidades 2, 3, 6, 11 e 12 a través de actividades de improvisación, creación de contidos e proxectos propios tanto a nivel individual como grupal. - Traballo en equipo, emprendemento social e empresarial: unidades 2, 6, 7, 8, 9, 10, 12. Actividades que implican creación de proxectos grupais. - Igualdade entre sexos: unidades 2, 4, 6, 7, 8, 9 e 10. Utilización de obras de diversos estilos e épocas compostas tanto por homes como por mulleres, fomentando especialmente o repertorio composto por mulleres e intérpretes femininas. - Consumo responsable: fomento do espírito crítico. Unidades 2, 5, 6, 7, 8, 9 e 10. A través da comprensión dos elementos que conforman a música e dos distintos estilos e xéneros musicais o alumnado conformará unha opinión obxectiva e crítica e isto contribuirá a fomentar un consumo musical responsable. - Respeito mutuo: educación emocional e en valores. Unidades 2, 3, 6, 7, 8, 9, 10 e 12. Actividades musicais grupais nas que é primordial respectar as producións musicais dos demás e axudarse mutuamente para conseguir un son de conxunto. - Expresión oral e escrita: unidades 1 e 4. A través da redacción de textos explicativos e traballos de exposición oral como por exemplo explicar os parámetros que conforman o son, a forma dunha canción, a importancia do silencio na nosa saúde e nas nossas vidas, etc. - Competencia dixital e comunicación audiovisual: unidades 11 e 12 a través da creación de músicas con ferramentas dixitais e de eventos musicais que engloben non so música e danza, senón tamén propostas audiovisuais que as acompañen, creando así unha performance global.

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descripción	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Actuacións públicas no centro	As pezas musicais traballadas ao longo do curso executaranse en público en Nadal ou a final de curso, buscando outro centro de referencia para facer unha actuación conxunta nalgún auditorio da zona.		X	X
Asistencia como público a un concerto didáctico	Propiciarase a asistencia do grupo a un concerto didáctico, para poñer en práctica as normas de comportamento aprendidas na clase, así como vivir a experiencia de escuchar música en directo.		X	

**Observacións:**

Ó longo do curso o departamento de música programará a realización de varias saídas e actividades/obradoiros que se desenvolverán no centro. O programa de actividades recóllese no PXA. O calendario destas visitas dependerá da programación cultural dos distintos espazos, da dispoñibilidade dos grupos ou profesionais contratados e do seu nivel de aproveitamento didáctico.

Tamén está prevista a participación e colaboración co equipo de actividades complementarias e extraescolares, o equipo da biblioteca e o equipo EDLG na organización e realización das conmemoracións e as actividades propostas polo centro, ao longo do curso e AS relacionadas co tema transversal deste curso escolar: ¿Que quero ser?

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Ben ou acadado
Metodoloxía emplegada
Mal ou Non acadado
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Regular ou Mellorable

### Descripción:

A programación é un documento aberto e susceptible de cambios segundo observemos os procedementos que funcionan e os que non. Debe revisarse cada ano coa fin de adaptala mellor á realidade das aulas. A posta en práctica de dita programación é o que nos permite mellorala, recollendo a través dos procedementos de evaluación da propia programación e da práctica docente, a información necesaria para reformala. O proceso de evaluación da propia programación e da práctica docente realizañase dentro do Departamento coa información recollida polos docentes sobre diferentes aspectos do desenvolvemento da mesma, que debería incluír unha valoración/evaluación dos estudiantes, do seu propio proceso de ensino-aprendizaxe, que pode realizarse a través dun cuestionario ou unha entrevista con cada alumna e alumno a final e curso. Algunas das ítems a contemplar para avaliar a propia programación e a práctica docente mediante rúbrica son os seguintes:

- Comprobación dos obxectivos propostos: se estes se adaptan ao curso correspondente, se se poden acadar coas unidades propostas, a porcentaxe de alumnado que consegue ditos obxectivos, etc.
- Idoneidade das unidades didácticas propostas: se hai correlación entre obxectivos, contidos e criterios de cualificación nestas, a corrección da temporalización, e se contribúen realmente a acadar as competencias clave.
- Utilidade materiais didácticos empregados: comprobar se o alumnado os entende, se son variados, se están adaptados para o alumnado con necesidades educativas específicas e de apoio educativo, se inclúen TICs, etc.
- Valoración dos criterios e instrumentos de evaluación e cualificación: se son útis e precisos, se os instrumentos de evaluación inclúen métodos cualitativos e cuantitativos, se se inclúen procedementos de recuperación, etc.
- Grao de implicación dos estudiantes no proceso de ensino-aprendizaxe: coñecen os obxectivos propostos, o repertorio e actividades parécenles adecuados, coñecen os criterios de evaluación e cualificación, etc.
- Tido en conta o anterior, elaboración de propostas de mellora.

Os ítems anteriores avaliaranse mediante os indicadores ben ou acadado, mal ou non acadado e regular ou mellorable no caso de que sexa acadado pero que se poida revisar e mellorar.

## 8.2. Procedemento de seguimento, evaluación e propostas de mellora

Para o seguimento da programación, evaluación desta e propostas de melloras utilizaremos unha táboa de indicadores considerando os ítems expostos no punto anterior: "evaluación do proceso de ensino e práctica docente", valorando para cada un deses ítems o grao de consecución e facendo propostas de mellora naqueles puntos que se observen carencias. Así o procedemento de seguimento e evaluación da programación e da práctica docente farase mediante táboas de indicadores, ficha con preguntas a cubrir polo alumnado e entrevista persoal co alumnado.

A partir da análise dos datos extraídos destes procedementos de seguimento, faranse as correspondentes propostas de mellora.

Dito seguimento farase trimestralmente acordando en reunión de departamento os cambios a introducir na programación a través da aplicación proens en cada trimestre e a final de curso de cara ao ano seguinte.

## 9. Outros apartados